

BASES XERAIS

CURSO DE INGLÉS MEDIO

1. INFORMACIÓN XERAL

O curso de “Inglés Medio” terá unha duración de 40 horas.

Datas formación: 25, 27, 28 e 29 de novembro e 2, 4, 9, 11, 13, 16, 18, 20 e 23 de decembro (luns, mércores e venres)

Horario: 10:30 a 13:30.

Lugar: Aula 1 do Centro Sociocultural - Auditorio de Rianxo

Cota de inscrición: 20 euros

Número máximo prazas: 15 - Número mínimo prazas: 10

2. DESTINATARIOS

Persoas interesadas en mellorar o coñecemento do idioma inglés, maiores de 16 anos, e con coñecementos básicos do idioma inglés. Daráse preferencia aos solicitantes que estean empadroados no Concello de Rianxo

3. INSCRICIÓNS

As persoas que desexan participar neste curso presentarán a ficha de inscrición completamente cuberta. Poderá remitilas por algún dos seguintes medios:

- Nas oficinas do Servizo de Información Xuvenil
- Inscrición en liña en www.concelloderianxo.es/inscricions

O prazo para presentar as solicitudes será **dende o 12 de novembro ás 12:00 horas ata o 19 de novembro ás 24:00 horas.**



4. SELECCIÓN

Realizaráse un **test de nivel** entre todos os inscritos, o cal será o mércores, **20 de novembro, ás 11:30, no Centro Sociocultural – Auditorio de Rianxo.**

Entre os participantes que teñan o nivel requerido para o curso, a selección será:

1º Por orde de inscrición entre os que estean empadroados en Rianxo, maiores de 16 anos.

2º Por orde de inscrición, maiores de 16 anos.

5. LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS

O listado definitivo de admitidos publicarase entre os días 21 e 22 de novembro na páxina web do Concello de Rianxo www.concelloderianxo.es.

Os admitidos/as terán un prazo de 2 días para facer o abono da cota de inscrición (20 euros), presentando o xustificante bancario no Servizo de Información e Animación Xuvenil. De non recibirse o xustificante o segundo día, chamarase ao seguinte do listado que terá un prazo de 2 días para aboalo.

Tanto no caso de non comezar o curso e non comunicalo por escrito previamente, como de sobrevivir na súa participación non se devolverá a cota de inscrición.

6. RÉXIME DE ASISTENCIA E DIPLOMAS

A expedición do diploma supeditase á acreditación dunha presenza mínima do 80% das horas, aínda cando as causas estiveran xustificadas.

Os diplomas entregaranse ao rematar o curso ou serán enviados por correo postal.